

ÁREA DE
CONTRATACIÓN

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 29 de agosto de 2024, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

g) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero na mocidade. ENLAZAVIGO contra a violencia de xénero" (13019-224)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes:

- a) Admitir neste procedemento ao licitadores que deseguido se relaciona, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. NORFORMACIÓN, S.L.

3. Apertura das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

g) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero na mocidade. ENLAZAVIGO contra a violencia de xénero" (13019-224)

Procédeuse á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábeil mediante xuízo de valor" do licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda:

- a) Outorgar un prazo de 3 días naturais a NORFORMACIÓN, S.L. para que poida emendar a sinatura da documentación recollida no sobre B dado que en parte da documentación presentada o 27 de agosto de 2024 ás 13:45 horas non consta sinatura dixital.

Para a emenda da documentación o licitador deberá presentar un escrito asinado polo representante de NORFORMACIÓN, S.L. no que subscriba a oferta presentada. Se o licitador cre que isto tamén puido suceder no sobre C, e sen que en ningún caso nos adiante o seu contido, pode no mesmo escrito subscribir os dous sobres.

- b) Unha vez presentada a emenda requirida, solicitar informe sobre a documentación contida no sobre B ao servizo xestor.



Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (*"As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinale algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante"*), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:

versión galego:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

versión castellano:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas>

Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital.

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido integro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consulta-lo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/08/2024 13:48	Páxina 2 de 2
13019-224	CSV: ABA551-4B4FB4-EA5831-VXELFS-QDPZ34-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		